


QUEN É VICENTE RISCO?



Vicente Risco



Edita: Fundación Vicente Risco.

Maquetación: visualq.

Imprime: Helbagraf

DL: OU 53-2013

Todos os dereitos reservados.



Fundación
Vicente Risco

Membros institucionais:

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura

Deputación Provincial de Ourense

Câmara Municipal de Amarante

Concello de Allariz

Concello de Castro Caldelas

Concello de Ourense

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade da Coruña

Universidade de Vigo

A vida

Vicente Martínez-Risco Agüero, coñecido literariamente como Vicente Risco, naceu o 30 de setembro de 1884 en Ourense no piso 1º da rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros.

Os seus devanceiros son naturais das terras de Castro Caldeas, onde asentaron a partir do XVIII procedentes de terras manchegas como administradores da Casa de Alba cando esta herdou os dominios da Casa de Lemos. Alí, na vila, patrimonio un día dos Condes de Lemos, pasou longas horas da nenez; tamén na idade madura fecundas tempadas en contacto coa clara paisaxe.

Casa en 1922 coa alaricana María del Carmen Fernández. Na vila de Allariz nacerán os seus fillos, na casa onde está a sede da Fundación que leva o seu nome.

Academicamente, foi bacharel en Ourense. Estudou dereito en Santiago, onde se licenciou no 1907. Despois, mestre de ensino primario, tras un frustrante paso pola administración de facenda. Ingresou na Escola Superior do Maxisterio en Madrid. Aprobou a cátedra de *Historia e a súa Metodoloxía*, que impartiu na Normal de Ourense, proxectando a súa docen-



Caricatura de V. Risco por Fernández Mazas.
Fondos da F.V.R.

cia sobre sucesivas xeracións dende 1917 a 1945. Polos anos 30, sacou a licenciatura de Filosofía en Santiago. Do 1945 ao 1950 explicou psicoloxía na Escola Normal de Madrid. Regresa a súa praza de Ourense impartindo novamente Filosofía até que se xubila en 1954. Vivirá na súa cidade natal até o seu pasamento o 30 de abril de 1963.

Afondemos un chisco máis. Na altura de 1917, na etapa de *La Centuria* Risco era un inadapado. Como outros homes da súa xeración arrastraba o turrieburismo finisecular e exquisito,

que empalmou despois cos movementos de vangarda. Tratábase dunha etapa esteticista, antisocial, caracterizada polo exotismo. O propio Risco cualificou esta súa primeira etapa de “antisocial, antigregaria, individualista e introvertida” no seu clarexado ensaio *Nós os inadapados*. Vivía, pois, Risco espiritualmente afastado, atraído polo lonxano —era «a cobiza do lonxe», unha expresión tomada de Viqueira—, considerándose «anormal por supernormal», introvertido, convencido do principio básico de que «ser diferente é ser existente». Unha das manifestacións desta «cobiza do lonxe» era, en efecto, o interese cultural polo xeográfico e historicamente distante: a India, África Central, o Tíbet, Exipto, Babilonia, etc.

Mais a partir dos anos vinte, Risco e os seus amigos encetaron unha nova etapa, cunha reacción violenta, caracterizada polo compromiso con Galiza. Porque a autenticidade desta conversión, —da inadapación ao nacionalismo—, non permite marxe ningunha para a dúbida. Foi

radical, foi un cambio de existencia, a adopción dun novo programa de vida verdadeiramente exemplar e admirábel.

O seu ideario galeguista entendeu que a cultura vive e medra nas tensións entre o local e o universal, e como consecuencia debe participar do xeral e do particular. Levado por esa idea, a través da tradución, promoverá a recepción de textos doutras literaturas.

Deixou Risco de ser un inadaptado? En certo modo, non. Pois, polo de pronto, non podía atoparse a gusto no medio da pseudocultura urbana colonizada imperante na burguesía; rodeado, como diría Risco, de filisteos e de filisteísmo, e asistindo ao proceso dunha desgaleguización progresiva. Non era só en Galiza, senón en toda a civilización occidental onde corrían tempos de crise. E os «homes de espírito», escribe Risco, en tempos de crise, convértense en inadaptados. Considera que o home de espírito é invencíbel. Poderá fracasar na súa loita, mais ficará interiormente incólume.



Vicente Risco na tertulia do Hotel Parque, en Ourense.
Na foto aparecen o pintor Xosé Conde Corbal e o escultor Antonio Failde.
Fotografía cedida por Margarita Escudero, viúva de Conde Corbal.

Quen é realmente Vicente Risco?

Vicente Risco foi non só un dos maiores, senón un dos escasos pensadores peninsulares do século XX, ese século que el esperaba superase os erros e os horrores do, na súa visión, errado e desilusionante XIX. Tras unha etapa decadentista, orientalista, ocultista e teosófica, dedica a súa vida a deseñar Galiza como escritor singular, analizándoa como etnólogo e interpretándoa como intelectual, contribuíndo a sentar as bases do pen-

samento nacionalista galego. Gran coñecedor da vida cultural europea do momento e das diferentes correntes filosóficas e relixiosas mundiais, busca interpretar o mundo dende unha perspectiva galega e integrar a cultura galega no plano internacional, pois como europeo non eurocentrista soñou cunha Europa das nacións na que Galiza participase en pé de igualdade.



Caricatura de Vicente Risco por Huici.
Fondos da E.V.R.

Risco foi, por riba de todo, un liberal no senso xenuíno, desconfiado da partitocracia e partidario dunha democracia canto máis veciña da directa, mellor. Así o proclama ao pedir o mandato


imperativo, ou sexa, a revocabilidade dos electos se deixan de se facer merecentes do favor popular. Tamén pola súa concepción dun nacionalismo aberto, no que collen todas as ideoloxías, baixo a profesión común de sermos "galeguistas", a designación que daba aos nacionalistas galegos. Abomina do chamado progresismo, a pulos do capitalismo compartido nesta faciana polo maquinismo marxista. E claro, rexeita a estatalización,

invasora do ámbito privado, natural, da persoa e da familia. Consecuentemente oponse a calquera totalitarismo. Viaxa a Alemaña en 1930, cando a República de Weimar e atópase coas concentracións dos “rinocerontes” nazis, eloxiando, por contraste, os esforzos colectivos do “Zentrum”, o partido católico alemán.

Cando aínda tiña por diante case a metade da súa vida, o autor de *La puerta de paja* caeu no ostracismo de doutrinarios recalitrantes; e, aínda hoxe, continúa a ser obxecto da crítica procedente de dogmáticos que non son capaces de contextualizar a súa obra, que analizan con prexuízo e/ou descoñecemento da fonda e complexa estrutura intelectual do pensamento risquián.


A obra

Un escritor é tanto máis valioso e vivo canto máis activamente inflúa nos seus lectores; e Risco éo, sen dúbida, extraordinariamente valioso e vivo. A complexidade de Risco revélase moi especialmente no feito de que, xunto á súa faceta especulativa, ás veces especulativa en exceso, coexiste unha faceta realista, dun realismo impecábel e, en gran medida, aínda cunha vixencia asombrosa. Se repasamos a obra do Risco revélanos o que foi, de primeiras, un pensador, un ideólogo, e fundamentalmente un escritor didáctico. Para el, escribir era expresar ideas. Vicente Risco, como o resto dos integrantes da Xeración Nós, elaborou formas para que os elementos culturais comúns e as rutinas diarias fixesen que os galegos fosen máis galegos.



Debuxo de Vicente Risco.
Fondos da F.V.R.

O seu piso da rúa de Santo Domingo, foi centro de interesantes tertulias das que saíron traballos fundamentais para o coñecemento de Galiza: xeografía (Otero), prehistoria (Cuevillas) e etnografía (Risco). Ao tempo que alí se iniciaron e formaron novos etnógrafos, arqueólogos e historiadores. Foi o comezo dunha serie de labores de transcendencia, e non só polo que contribuíron á formación de futuros investigadores, senón que tamén pola grande cantidade de materiais recollidos en excursións. Catalogáronse igrexas, recolléronse papeletas de folclore e etnografía, rexistráronse castros e deseñáronse moitos detalles interesantes para a historia da nosa cultura. Por alí desfilaron unha chea de figuras relevantes de dentro e de fóra do país. E alí preparáronse as xeirias estivais do Seminario de Estudos Galegos.



Debuxo de Vicente Risco.
Fondos da E.V.R.


O escritor

Risco non foi só un ideólogo. Foi un extraordinario escritor total. Cultivou principalmente o ensaio e a chamada *crónica* periodística, escribindo nos xornais dende moi novo.

Nas súas novelas, ou esquemas de novelas, proxectan a visión e inquietudes propias do ensaísta político, coas súas loitas e os seus métodos de polémica, aos que cómpre engadir hábitos propios do investigador da cultura popular. Deixounos obras tan inesquecíveis como *O porco de pé*, unha forte sátira do arribismo. E as súas descrições líricas de paisaxes e dos correspondentes estados anímicos son insuperábeis. O seu estilo é claro, expresivo e sinxelo. Cultivou as tradicións populares de Galiza e a mitoloxía. En etnoloxía familiarizouse coas fontes portuguesas, principalmente con Leite de Vasconcelos; e máis tarde completou na Alemaña a súa formación. Foi un paciente analista das tradicións populares do noroeste. Grazas ao seu labor de folclorista coñecemos a vida material e tradicional do noso pobo.

Até Risco ninguén recolleu contos orais de maneira sistemática e con criterios metodolóxicos. Para el, como para outros nacionalistas europeos, a substancia orixinal que nos permite expresar sentimentos e realidades universais reside nas creacións tradicionais do pobo, nas formas da literatura oral. Cumpría, pois, sen abandonar o alleo, alizerzar as bases da nación na cultura de nós. E Risco púxose á tarefa, recolleu narrativa oral colocándoa no lugar que lle correspondía dentro da cultura da nación. Dende a súa cátedra e coa colaboración doutros galeguistas aproveitou os recursos humanos para recoller material lingüístico de boca dos galego-falantes. Na sección «Arquivo Filolóxico e etnográfico de Galiza», creada no número 5 da revista *Nós*, aparecerán en números dispersos artigos de etnografía galega e textos de literatura oral (cantigas, contos e lendas), ademais de ditos e refráns galegos. No Seminario de Estudos Galegos formou equipos de investigación etnográfica, nos que tamén participou, para elaborar monografías de parroquias ou de vilas galegas.

En materia histórica, orientouse na tertulia da Comisión de Monumentos de Ourense. Vicente Risco defende un idealismo historiolóxico que lle fai crer que as grandes transformacións socioeconómicas e políticas son o resultado da aplicación e difusión dos sistemas de ideas ou de valores, e con certa carga de providencialismo propio dun home que se define así mesmo como "heterodoxo en todo menos en materia de relixión". Asemade oponse a toda interpretación da historia que, na súa opinión, simplemente actualiza as visións "mecánicas" ou "metafísicas". Esboza o pasado dos pobos europeos dende a prehistoria en clave de oposición entre o espírito latino e o céltico-xermánico ou, noutras verbas, como mediterraneismo *versus* atlantismo. Mais, iso si, non é eurocentrista, o que é coherente de quen considera que Occidente está en decadencia.



Refrán recollido por Vicente Risco.
Fondos da E.V.R.

O pensador

Transfigurado en doutor budista correu en conversas e caricaturas polas tertulias galegas. Nese tempo era fonda, así mesmo, a súa dedicación a Tagore, de quen disertou no Ateneo de Madrid cunha sonada conferencia en 1913, ano que se lle concedeu o Premio Nobel de Literatura ao poeta bengalí. Chegaron a lle chamar Tagore, mais durante a estada en Berlín rexeitou ao engaiolado gurú, rodeado de damas burguesas. Nesa altura xa se decanta a prol dun Gandhi, como é caricaturizado polo seu amigo Castelao, cuxo espiritualismo concorda máis coa cosmovisión risquiá.

Vicente Risco foi moi duro co mundo moderno, como se pode ver non só en *Las tinieblas de Occidente*, senón tamén en varios artigos de *Leria* e mesmo na confesión “Nós, os inadaptados”. Mantén unha actitude de rexeitamento do mundo moderno, de inadaptación buscada e querida que se reviste de ultramodernidade. Este futurismo risquián non é senón unha mestura de elitismo, espiritualismo e voluntarismo. Pensa que cada persoa loita dentro de si pola perfección espiritual e que a humanidade loita contra a natureza para dominala e espiritualizala.

En 1917 fundou *La Centuria*, revista neosófica que tencionaba quebrar o ritmo intelectual das ideas. Tanto a estética como á astroloxía, pasando polas máis insólitas vertentes do saber, todo tiña cabida nas súas páxinas. E nelas apareceron tratados ou traducidos, escritores de fala inglesa ou francesa, como Chesterton, Poe, Mallarmé e Rimbaud.

Risco foi o principal promotor da Xeración Nós —chamada moito tempo a Xeración Risco— que propuxo unha concepción europeísta mais non eurocéntrica da cultura. O que concorda co pensamento dun home seducido pola cultura metropolitana do derradeiro momento da Europa imperial, mais tamén era consciente de non ser membro de ningunha elite. A revista *Nós* aparece en Ourense o 20 de outubro de 1920. Dirixiuna literariamente Risco, e artisticamente Castelao. Risco dirixía a acción social e máis o cultivo da orixinalidade específica de Galiza. Nas páxinas da



Letras da portada da revista *Nós*.
Fondos da F.V.R.

revista *Nós* foi deixando así —como tamén nas de *A nosa terra*— unha abondosa mostra do seu singular talento.

A Xeración *Nós* non foi moi tradicionalista, aínda que si amosou a preocupación de investigar e rexistrar as tradicións galegas. O que si fixo, liderada por Risco, foi loitar contra os intereses da decante burguesía española de principios dos 20. Tamén teimou, con certo éxito, por que a cultura galega dialogase en pé de igualdade coas demais culturas universais, fiel a súa declaración de que “Galiza ten o deber de contribuír á cultura universal”. E neste proxecto debemos encaixar as achegas sobre a literatura e a situación política de Irlanda, Portugal, Francia, Polonia; o interese polas creacións dos novos estados xurdidos tras a I Guerra Mundial; os contactos con figuras como Phileas Lebesgue, o druída Taldir, os escritores e pensadores do irmán Portugal Hernani Cidade, Santos Junior, Leonardo Coimbra e, entre todos, Teixeira de Pascoaes.

No que respecta aos atributos que, na altura, definen unha nación, Risco recolle e afonda no dito por Murguía: lingua, tradicións, costumes, historia, raza, xeografía e, claro está, carácter ou espírito propios. Mais si hai novidades na importancia relativa que concede a algúns deses elementos, e moi en especial á “Terra”, que se transforma nunha forza, cósmica e enigmática, forxadora da alma da nación. Perante esa forza, a raza fica relegada ao pasivo papel de vehículo. E así, por mor das características do chan e das inclinacións da raza, o galego é un pobo de campesiños e mariñeiros. Un pobo que, polo amor que sinte á terra, vive espallado en pequenas comunidades “naturais”, as parroquias.

Esculcou no peculiar vencello do home galego coa súa paisaxe, e caracterizouse como teórico do movemento político cultural que tencio-

nou alumear e fomentar a orixinalidade específica do país: a paisaxe viña ser para el como o fundamento da Galiza ideal. Risco, de moi diversas maneiras, loitou por unha Galiza que encaixaría na xerarquía cimeira: a espiritual que ten como base o vencello sentimental coa Terra, co «sentimento relixioso da Terra», o sentimento da Terra como «manifestación de Deus». Os homes pasan, a Terra vive sempre, sentencia Risco. Para el, os labregos, e mariñeiros, son os depositarios principais do espírito da Galiza. Polo tanto, en gran medida, o espírito labrego é o espírito de Galiza, pois cómpre ter en conta que a Terra, a paisaxe galega é unha paisaxe humanizada. No contraste entre a cidade e o campo, púxose da parte dos que eran infravalorados na cultura da época.



Souto de Castro Caldelas. Debuxo de Vicente Risco.
Fondos da F.V.R.

Para Risco, a nación era unha formación cultural en continúa construción en diálogo con outras culturas das que non hai que rexeitar nin se subordinar. "Recibamos influencias diversas, que canto máis diversas, máis ceibes quedaremos nós. Escoitemos mestres de diversos métodos,

de diversas opinións, de diversos principios, e será o modo de podelos contrastar os uns cos outros, de coller o mellor de cada un, de alargar o noso horizonte, comparar, discernir, e non casarnos co primeiro que chega. E cando teñamos que acudir aos alemáns, que por forza terá que ser moitas veces, vaiámoslos procurar directamente, e non nas seleccións e nas traducións que nos dean feitas en Madrid”.



Caricatura de Vicente Risco por Prieto Nespereira.
Fondos da E.V.R.

O político

Risco foi recoñecido polos contemporáneos como principal teórico do nacionalismo galego, status que non lle discutiron até os anos trinta nin aqueles nacionalistas que mantiñan actitudes políticas moi alonxadas das súas.

Risco elaborou a doutrina do nacionalismo galego pouco despois da I Guerra Mundial, seguindo quizá o discurso dos catorce puntos do presidente Woodrow Wilson, o manifesto máis importante da Gran Guerra. Coincidencias: Risco, xunto outros intelectuais e políticos ourensáns, presenta un escrito ao Concello de Ourense solicitando que se lle poña a unha rúa o nome do presidente estadounidense (nomeadamente a actual Celso Emilio Ferreiro, na altura soamente un proxecto de rúa). A súa *Teoría do nacionalismo galego* é un dos textos políticos máis influentes na Galiza do século XX, malia ter só arredor de 50 páxinas.

Para Risco o primeiro problema de Galiza era o perigo de desgaleguización, da perda “das nosas tradicións, dos nosos costumes, da nosa fala, da nosa liberdade”. E a causa maior dese problema está nun Estado español centralista, opresor da nación galega, sendo o nacionalismo o mellor dos antidotos para sandar deses males. No caso do Estado español, propugna unha radical separación conceptual entre Nación e Estado. O seu é un discurso contranacionalista, anticentralista, descolonizador. Sexa como for, tentaba subverter a xerarquía de nacións europeas que caracterizara a chamada “paz dos cen anos”. Empregou argumentos do liberalismo, quizais levado do discurso de Wilson, para defender a nacionalidade galega. Considera que o sistema liberal sufriu por mor da I Guerra Mundial unha hipertrofia do executivo en prexuízo do lexislativo e do control parlamentario. Risco deduce a necesidade de instaurar a revocabilidade dos representantes no momento en que o decidan os representados, todo o cal levaría o “sistema parlamentar moito máis perto da democracia directa”.

Ao longo das décadas de 1920 e 1930 deriva cara un catolicismo político que, aliado co nacionalismo, considera como a única for-


za capaz de salvar o mundo do comunismo. No seu pensamento hai algúns elementos ideolóxicos que aparecen nas doutrinas totalitarias da época. Mais o seu é discurso propio dun católico anticomunista no que hai claros compoñentes ausentes dos fascismos: catolicismo fronte laicismo; radical oposición á instauración dun Estado totalitario; negación da concepción totalitaria do estado-partido-sociedade; crenza de que a orixe do poder está no pasado, na tradición, mentres que para os fascismos o poder lexítimo ten unha orixe actual. Risco inclúe os fascismos entre as desviacións do verdadeiro nacionalismo, xunto co imperialismo, os movementos de liberacións nacional instrumentados polo comunismo e os nacionalismos modernizadores tipo Kemal Atatürk, ao que dirixe críticas moi duras por destruír as tradicións do seu pobo. Segundo o propio Risco, o fascismo non debe ser considerado auténtico nacionalismo toda vez que anula os dereitos individuais, que Risco defende, e porque a concepción totalitaria do fascismo pon o Estado por riba da Nación, ou dito coas súas palabras: "a confusión da Nación co Estado, o sacrificio do individuo ao Estado, e a prepotencia do Poder executivo", aspectos que Risco critica.

Celebrou a proclamación da II República creando, xunto con Otero Pedrayo, o Partido Nazonalista Republicán de Ourense, que no 1931 integrárase no Partido Galeguista. Certo que, coma outros intelectuais, ficou desencantado coa II República. Incluso, coma político católico, critica a política relixiosa desenvolvida nesta etapa. Oponse á viraxe esquerdista do Partido Galeguista, que abandona cando este decide integrarse na Fronte Popular, e integrándose na Dereita Galeguista, con anterioridade ao grupo de Pontevedra. Finalmente abandonouna.

Nos anos que van do 36 aos 50 do pasado século XX, o escritor, aparentemente, desentendeuse dos problemas que nortearon a súa vida. Non podemos pasar por alto a segunda conversión de Risco a raíz da Guerra Civil, poñendo a súa pluma ao servizo da defensa dunha Igrexa obsesionada polo comunismo. Certo que Risco se adheriu aos que se rebelaron en armas contra a República, mais tamén é certo que lle "tocou" sobrevivir nunha Galiza na que non houbo guerra e si unha feroz

represión; anos nos que Vicente Risco pasou algún tempo agochado en Allariz e Castro Caldelas. Outros, os máis novos, foron obrigados a servir no exercito rebelde. Sobran comentarios.

En boa parte o que fixo foi editorializar para *La Región*, o que ditaba a época. Agora ben, non é menos certo que Risco non sacou proveito ningún do seu franquismo. Viviu na precariedade, ás veces dura, os anos da posguerra. Incluso tivo que sufrir dous expedientes de depuración: No 1937, acusado de ser nacionalista e fundador da Dereita Galeguista. Entre as alegacións de exculpación podemos salientar:




3º Que el galleguismo significó siempre, para el que suscribe, la conservación y la defensa de las tradiciones propias de Galicia, en todos los aspectos: religioso, con el catolicismo; social, con la pequeña propiedad, el estrecho régimen familiar y la solidaridad parroquial; idioma, usos y costumbres propias de la región, habiendo manifestado innumerables veces en numerosos escritos dispersos, que lo esencial era que se respetasen las características tradicionales de Galicia, aunque fuese con un régimen centralista, y que por el contrario, de nada servía la autonomía, si no era para conservar y defender la tradición.

Fragmento do borrador de alegacións ao expediente de depuración aberto a Vicente Risco en 1937. Fondos da F.V.R.

E na defensa desa tradición, desa Galiza que el quixera eterna, continúa a traballar despois da Guerra Civil. Na *Historia de Galicia* coordinada por Otero Pedrayo e publicada en Buenos Aires, o volume *Etnografía. Cultura Espiritual*, escrito por Vicente Risco, é unha verdadeira obra de arte. Mergullarse na súa lectura é mergullarse en Galiza, nunha atmosfera inequívocamente galega. Risco quixo e logrou mostrar como é o home galego «no seu soñar, no seu crer, no seu saber, no seu vivir». En 1941 afronta un novo proceso, Expediente nº 41 de 1941, no que o

“Juzgado instructor” de Ourense, envía ao “Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas” da Coruña informes de diversas personalidades e institucións sobre a conduta observada por Vicente Risco. Salientar a opinión que de don Vicente ten a “Falange”:



Polio 28: Informa de Falange (Delegación provincial del Servicio de Información e Investigación), de fecha 4 de Abril 1941, firmado con firma ilegible por el Delegado provincial: "Vicente Martínez Risco, vecino de esta capital. Elemento destacado del Partido Galleguista; fué Miembro del Consejo del Partido, siendo propagandista de sus ideales y candidato en las elecciones Gallegas. En la actualidad se le ve rodeado de elementos galleguistas y miembros que fueron de la "Mocedade Galleguista" y todas las conversaciones las sostiene en gallego. Al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional adoptó una actitud pasiva, no considerándosele adicto al Régimen." Dice al margen: "Firma: Antonio González".

Fragmento do expediente nº 41 aberto a Vicente Risco en 1941.
Fondos da E.V.R.

Polo tanto, se complexo é o seu pensamento e a súa praxe de “político católico”, tan absurdo é negar o seu anticomunismo como afirmar que sexa fascista. Toda unha xeración ourensá, a dos 60, nos seus antípodas políticos, achegouse, ouviu diariamente a quen consideraron mestre e aprendeu del o moito que había que aprender (artistas, intelectuais, xornalistas, profesores).

Risco, hoxe

Galiza dista moito de ter a autonomía total que Risco propugnaba. É unha autonomía vixiada, por exemplo, en materia educativa ocorre que agora se quere impoñer no ámbito educativo unha Historia de España uniformizadora e tradicional.

Explica Risco os prexuízos para a agricultura e a gandería galegas da política arancelaria do Estado, protectora dos latifundios cerealeiros. Os campesiños viven na pobreza, de aí o proceso da despoboamento de Galiza e da emigración. Propugna Risco o cooperativismo para o campo, e non rexeita o socialismo para a industria.

Fai Risco unha fina análise do caciquismo, ao que compara cunha árbore invertida que ten as súas raíces no poder e as súas ramificacións nas aldeas e vilas e que converte os cidadáns en pedichóns.

Defende a democracia e, como mal menor, o Parlamento. Agora ben, ocorre que os candidatos que se presentan en Galiza, incluso se son galegos, só representan os partidos políticos de Madrid. Non fan nada por Galiza *como tal*. Favorecen os políticos localistas, as obras suntuosas nas cidades, preferindo, di Risco, «o superfluo ao útil, o ostentoso ao necesario». Certamente, os localistas e municipalistas seguen a ser inimigos raposeiros do galeguismo. Aborda Risco outros moitos aspectos de Galiza: a súa organización administrativa, coa división provincial e as Deputacións como rémoras para o desenvolvemento do País.

A situación lingüística actual corrobora e agrava a análise de Risco. Os nenos, os adolescentes, os universitarios, as cidades, *salvo valiosísimas excepcións*, deixaron de seren galegas para facérense castrapas.

Risco indicou tamén na *Teoría do nacionalismo galego* cómo o discurso homoxeneizador do Estado moderno depende da opinión pública e cómo é que a esfera pública galega case non gozaba de autonomía: “como da capital do Estado veñen feitos todos os xuízos e todas as opi-

nións a xente das provincias chega a unha efectiva impotencia para pensar pola súa conta. E como a prensa de provincias é case sempre calco literal da capital do Estado, aparece d'íste xeito unha opinión púbrica fiuticia, que ninguén s'estreve a dismintire."

Algunhas ironías de Risco sobre o seu tempo parecen manter actualidade. Decía Risco n'*O porco de pé*: "Non esquezades que o fin do diñeiro é medrar, medrar a cotío, medrar sempre, até encher o mundo, até realizar o gran símbolo de Midas."



Galiza é un mundo

Vicente Risco



Fundación
Vicente Risco



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
OURENSE



Concello de
OURENSE

Co apoio da



Colaboran:

